

Informe de xestión 2009

Tomo de novo o uso da palabra para presentarlles o preceptivo informe de xestión, correspondente ao exercicio de 2009.

Os datos e as valoracións sobre as actividades de cada departamento expóñense polo miúdo no documento dispoñible en formato pdf na web reitor/documentos, aloxada no sitio da nosa Universidade en Internet. Toda esta ampla información, que inclúe máis de duascenas táboas e gráficos, quedará desde hoxe accesible para calquera cidadán, como fixemos en anos anteriores, en formato tamén de e-book.

Teño que lembrar que, como é habitual, incorporamos ao Informe de Xestión datos que van máis alá da xestión propiamente dita do Reitor e do Consello de Dirección, pero que resultan necesarios para facer balance e reflectir en que dirección se move a Universidade da Coruña en terreos de tanta importancia, por exemplo, como a investigación ou a transferencia de coñecemento.

Poucas dúbidas caben respecto da cuestión central na acción de goberno universitaria ao longo de 2009: a adaptación ao Espazo Superior de Educación Superior en todas as súas vertentes e con todas as súas implicacións.

Quixera transmitirilles a miña fonda satisfacción polo xeito en que estamos levando este proceso, malia as carencias e a falta de financiamento. Síntome orgulloso do sentido da responsabilidade e do esforzo xeneroso dos centros, departamentos e servizos da nosa Universidade para levar con orde e rigor tan complicado proceso de transición.

Desde a Reitoría enfrontamos este reto do único xeito serio e viable co que se poden pilotar procesos destas características e desta envergadura: actuando baixo un rigoroso **principio de planificación, tanto académica como económica**.

En 2009 remataron curso os primeiros estudantes de grao da Universidade da Coruña, pertencentes a Socioloxía e a Terapia Ocupacional. En setembro as vellas licenciaturas e diplomaturas deron paso a outros 24 novos graos. Son xa, pois, 26 graos en vigor, aos que hai que sumar 40 mestrados oficiais, un 40% deles de carácter interuniversitario. As titulacións restantes adaptaranse á nova estrutura de grao/mestrado/doutoramento este mesmo ano 2010, data límite establecida na Declaración de Boloña.

Planificación e rigor no terreo da calidade conlevan éxitos notables, como o nivel conseguido na avaliación de servizos, titulacións e profesorado e co programa Fides-Audit para apoiar a implantación dos novos títulos e garantir a súa verificación e acreditación. Figuramos entre as primeiras universidades españolas en número de certificacións, pois a maior parte dos centros obtiveron un sistema certificado de garantía interna de calidade. Así mesmo, creouse unha unidade específica de soporte á docencia para canalizar o apoio metodolóxico e tecnolóxico no proceso de adaptación dos títulos.

A correcta planificación permitiu executar as previsións do Plano Estratégico e, en particular, da Programación Plurianual 2009-2010, aprobada por este Claustro. Como saben os señores claustrais, a adaptación ao Espazo Europeo ocupa unha posición central no Plano Estratégico 2005-2010.

Desde 2007, unha vez que se sanearon as contas da UDC, os recursos do remanente de tesourería non afectado (positivo por primeira vez en anos) orientáronse a un Plano de Intensificación da Adaptación ao Espazo Europeo para mellorar instalacións e equipamentos e para promocionar os mestrados.

No apartado correspondente da Memoria pódese comprobar que o contexto económico desfavorable non paralizou esta orientación, a pesar de non recibir –nin moito menos– a axuda suficiente por parte do Goberno central e da Xunta para esta finalidade. Tal como se fixou na Programación Plurianual, os fondos propios dispoñibles estanse destinando ás infraestruturas docentes e complementarias, imprescindibles para adaptarse ao Espazo Europeo.

De igual xeito, o Orzamento de 2009, que chegou aos case 137,8 millóns de euros, previu un crecemento da plantilla de profesorado dun 5% anual, en concordancia coa nova distribución dos grupos de teoría, prácticas e titorías (60,20,10).

As gráficas de profesorado reflicten con claridade os bos resultados da política que se vén aplicando co **compromiso de promoción e estabilidade** e o incremento do número de profesores permanentes doutores, que pasou de 577 a 709. Un dato certamente revelador e unha planificación que incide de xeito directo na calidade da docencia e da investigación.

Non se adoita mencionar, pero tamén no ámbito do persoal de administración e servizos se está a desenvolver unha intensa actividade

formativa, grazas ás acción que planifica cada mes a Comisión de Formación do PAS. En 2009 case 550 funcionarios e traballadores da UDC participaron nestas actividades formativas, un dato moi destacado se se ten en conta que a plantilla do PAS fórmána 768 persoas. Quixera engadir que o ano pasado se publicou a nova RPT do PAS funcionario e que se asinou o III convenio colectivo do PAS laboral. Comezaron a publicarse, así mesmo, as convocatorias para as categorías de PAS laboral pendentes de execución na RPT vixente.

O esforzo na procura da calidade para fortalecer a estratexia docente e investigadora da nosa Universidade percíbese tamén no significativo **tirón na cifra de teses de doutoramente lidas**. Pasamos de 65 en 2008 a 99 en 2009 e, aínda que esta diferenza tan acusada poida representar un pico conxuntural, si que trasluce unha tendencia froito, entre outras cousas, da política de fomento da formación de investigadores.

Infraestruturas

A pesar das dificultades de financiamento e dos recortes en partidas comprometidas, o Parque Tecnolóxico segue a avanzar na súa configuración física e organizativa. Están en fase de execución avanzada as obras para a área científica que acollerá espazos de investigación e departamentais da Facultade de Informática e da Escola de Camiños e as ampliacións do CITIC e do CITEEC.

Ademais das xa mencionadas obras para a adaptación de espazos aos novos criterios docentes da converxencia europea, consideramos de moito interese a **redacción dos planos directores de obras** dos centros.

Por contra, tras o cambio político na Xunta de Galicia ralentizouse o proceso en marcha para construír en Elviña a tan desexada **residencia estudantil**. Temos o compromiso da consellería correspondente para cumprir esta demanda da Universidade da Coruña e agora estamos á espera de que nos confirmen os novos criterios da Xunta, pois xa se nos anunciou que se revisarían os establecidos con anterioridade. De novo atopámonos de cara coa crise económica.

Tamén a crise incide negativamente nas cifras de convenios e contratos de investigación que centros, departamentos ou grupos de investigación asinan con empresas privadas, institucións ou administracións pública. Esta redución trasládase por igual á capacidade de captación de recursos externos para investigación, pois cómpre non esquecer que un 55% dos recursos externos para investigación captáronse por esta vía.

Estudantes

As cifras de matrícula revelan que, con leves variacións, vimos mantendo a nosa capacidade de atracción de estudantes. Non obstante, estamos desenvolvendo estratexias de comunicación para atraer alumnado e, de xeito paralelo, para mellorar a visualización da nosa institución e a percepción que a cidadanía ten da nosa oferta educativa e do noso labor no ámbito da investigación e da transferencia de recursos.

Mantemos o esforzo na achega de recursos para bolsas propias e estamos mellorando a grandes pasos en cuestión de mobilidade. En dous anos duplicamos o número de estudantes Erasmus saíntes e rexistramos unha cifra de convenios internacionais de mobilidade para profesores e estudantes moi por enriba da media española.

En 2009 tivemos oportunidade de mellorar as infraestruturas deportivas e a oferta de actividades coa apertura dun ximnasio e sala de musculación no pavillón de deportes.

Destas e doutras accións teñen cumprida referencia no Informe de Xestión colgado na web, sen prexuízo de que deseguido eu e mailo meu equipo poidamos ampliar a información sobre os asuntos de interese para os señores claustrais.

Moitas grazas.

A Coruña, 16 de abril de 2010